

San Marcos, s/n; 15.318 - Abegondo – (A Coruña); Teléf. 981.669.541

[www.marinabetanzos.org](http://www.marinabetanzos.org)

[blog: http://gdr29.blogspot.com/](http://gdr29.blogspot.com/)

[info@marinabetanzos.org](mailto:info@marinabetanzos.org)

**ACTA DA XUNTA DIRECTIVA EXTRAORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, DO DÍA 24 DE NOVEMBRO DE 2009.**

En Abegondo, a 24 de novembro de 2009, na Oficina Técnica do Programa LEADER, (Antiga Cámara Agraria, San Marcos, s/n Abegondo) sendo as 19.30 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse.

**Asistentes:**

- D. José Manuel Amigo Santos, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo*, (Asociación Sectorial de Viticultores e Adegueiros de Betanzos e Comarca).
- Dna. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa do sector da artesanía (Asociación Artesáns As Mariñas).
- Dna. Cruz Fernández González, en representación da *Mesa sectorial de Asociacións e Colectivos de mulleres* (Asociación Elas Pro Igualdade Dereitos da Muller).
- D. Javier Ascasibar Errasti, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións Xuvenís e colectivos xuvenís* (Asociación Xuventude e Natureza)
- D. Ricardo Gabín Faraldo, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Rabo do Galo).
- D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultural “Cultura Aberta”).
- D. José Juan Rico Rodríguez, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultural e Deportiva Val de Aranga).
- D. José Francisco Castro Vilariño, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal)
- Dna. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais* (Asociación de Empresarios de Culleredo)
- D. Xosé Uxio Rey Fernández , en representación da mesa do sector institucional (Colexio Oficial de Veterinarios de A Coruña)
- D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Andrés Alberto Porcas Fraga, Concelleiro de infraestruturas do Concello de Betanzos, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.

- D. Antonio Deibe Sanmartín, Alcalde do Concello de Irixoa, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Daniel Romero Cajigal, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Andrés García Boutureira, en representación da *mesa da pesca, marisqueo, acuicultura* (Confraría de Pescadores de Sada).

-----  
 A SESIÓN SE TEN DESENVOLTO, CO RESULTADO SEGUINTE:

## **1. LECTURA E APROBACIÓN, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Apróbase a Acta da sesión anterior.

## **2.- SEGUIMIENTO DO PROGRAMA LEADER**

### **2.1. INFORME PROGRAMA LEADER 2007-2013**

Na anterior reunión da Xunta Directiva, tense aberto un debate sobre o interese en establecer algún tipo de criterio para asegurar a redistribución de axudas no conxunto do territorio. Así mesmo debería aclararse o procedemento de trámite dos expedientes de axuda LEADER.

Nesa mesma xuntanza, se ten informado sobre o Plan Estratéxico LEADER 2007-2013, resultado de 6 meses de traballo, aprobado por AGADER mediante concurrencia competitiva para o Programa Leader Galicia 2007-2013, e que os proxectos que encaixan nesta estratexia non poden ser rexeitados pola Xunta Directiva. Se propuxo facer unha xuntanza co obxecto de debater sobre o avance do Programa LEADER e estes aspectos.

### **BASES PARA REFLEXIONAR SOBRE O PROGRAMA LEADER:**

#### **A) SITUACIÓN DO ENTORNO**

##### **1. PROGRAMAS EN MARCHA NO TERRITORIO:**

##### **PLAN DE DINAMIZACIÓN DO PRODUTO TURÍSTICO NA AREA METROPOLITANA DA CORUÑA (2008-2010).**

Ámbito territorial dos municipios de A Coruña, Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada. (3.990.000.-€).

##### **PROGRAMA MANDEO (2007 -2012): POSTA EN VALOR DOS CAUCES FLUVIAIS. 1ª FASE: RÍO MANDEO.**

Concellos de Aranga, Bergondo, Betanzos, Cesuras, Coirós, Curtis, Irixoa, Oza dos Ríos, Paderne e Sobrado, cuxo vínculo é unha conca fluvial. Orzamento total 12.416.585.-€ .

## **GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA “GOLFO ÁRTABRO” (2007-2013).**

Municipios de Arteixo, Bergondo, Cambre, Culleredo, Miño, Oleiros, Paderne, Pontedeume, Sada, Cabanas, Ares, Mugarbos, Fene, Neda e Narón. Orzamento 3.711.630.-€

### **B) FICHAS DE ACTUACIÓNS POR MEDIDAS APROBADAS POLA ASEMBLEA XERAL DA ASOCIACIÓN “MARIÑAS – BETANZOS” EN SETEMBRO DE 2008, E QUE FORMAN PARTE DO PROGRAMA.**

Aprobado por Agader en concurrencia competitiva, segundo acordo do Consello de Dirección de Agader do 23 de decembro de 2008.

### **C) PROCEDIMENTO APROBADO POR AGADER PARA A TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES.**

#### **A) INICIO**

O procedemento de concesión de axudas iníciase coa convocatoria pública de selección de proxectos por parte do Grupo de Desenvolvemento Rural. A convocatoria está vixente dende o día 18 de maio de 2009 ata o 01 de setembro de 2013.

En relación co proxecto ou actividade que pretendan realizar os promotores, deberán presentar no rexistro do GDR toda a documentación necesaria.

#### **B) INSTRUCIÓN**

- **ACTA NON INICIO:** No prazo de dez días seguintes ó do rexistro da solicitude. REALIZA O EQUIPO TÉCNICO.
- **ANALISE DA SOLICITUDE DE AXUDA E DOCUMENTACIÓN:** Revisada polo GDR. O GDR ten 10 días para requirir a documentación que falte. Poderá ser ampliado 5 días máis.
- **EMISIÓN DO INFORME DE CONTROL DE ELEXIBILIDADE (ICE):** Compételle ó equipo técnico emitir o ICE, que reflectirá o resultado da avaliación e baremación do proxecto, de acordo cos criterios aprobados polo Grupo, polo réxime de axudas e pola normativa que resulte de aplicación.
- **ICE FAVORABLE:** Remítirase a AGADER, xunto cunha copia do expediente, para a súa verificación administrativa.
- **ICE DESFAVORABLE:** Trasladarase directamente á XUNTA DIRECTIVA do GDR, para os efectos de efectuar a proposta de resolución.

**O prazo para a emisión do ICE será dun mes a contar dende a data que o expediente esté completo.**

**VERIFICACIÓN DO ICE:** Compételle a AGADER, realizar a verificación do ICE. No suposto de carencias ou defectos na documentación, AGADER solicitará documentación complementaria. Se a documentación non está en poder do GDR, este requiriralla ó promotor, que dispón dun prazo de 10 días hábiles para presentalas.

O prazo para verificar o ICE será de 2 meses a contar dende a data de entrada do expediente no Rexistro xeral de AGADER ou, de ser o caso, dende a data de rexistro da documentación complementaria.

Non poderá aprobarse ningún proxecto que non conte coa verificación administrativa da elixibilidade favorable.

- **SELECCION DE PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA XUNTA DIRECTIVA:** A Xunta Directiva, nun prazo máximo de 45 días a contar dende a recepción da verificación do ICE, efectuará a proposta de resolución, de xeito motivado, respecto dos expedientes:
  - Co ICE verificado favorablemente por AGADER
  - Cuxa elixibilidade non fora validado favorablemente por AGADER
  - Co ICE desfavorable emitido polo equipo técnico do GDR

***Respecto destes últimos, se a Xunta Directiva acorda, de xeito motivado, separarse do informe técnico, e pronunciarse favorablemente sobre a selección do proxecto, este someterase novamente á avaliación e baremación polo equipo técnico do GDR e continuará a súa tramitación nos termos previstos anteriormente.***

***En todo caso, a selección e proposta de resolución por parte da Xunta Directiva está condicionada á existencia de fondos na anualidade correspondente.***

***A Xunta Directiva está obrigada a reunirse un mínimo de 2 veces cada 3 meses.***

#### C) RESOLUCIÓN

A Dirección Xeral de AGADER resolverá sobre a concesión ou denegación da axuda, nos termos contidos na proposta de resolución efectuada pola XUNTA DIRECTIVA do GDR, no prazo máximo de 10 días a contar dende a data de rexistro en Agader da proposta efectuada pola Xunta Directiva.

No caso de que se constaten erros ou defectos na proposta, AGADER devolverá o expediente ó GDR para os efectos de adecuar a proposta de resolución á legalidade vixente ou, de ser o caso, corrixir os erros detectados.

A resolución notificarase ó interesado no prazo máximo de 5 días a contar dende a data en que esta foi ditada, mediante carta certificada. Tamén se notificará ó GDR.

***O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de 9 meses, a contar dende a data da presentación da solicitude de axuda no rexistro do GDR. O promotor poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo transcorrido o dito prazo sen que se teña notificado a resolución expresa.***

#### D) DESISTENCIA E RENUNCIA

En calquera momento da tramitación do expediente, o solicitante poderá desistir da súa solicitude de axuda, de forma expresa, mediante a presentación de documento normalizado, que será facilitado polo GDR.

## **D) CRITERIOS DE BAREMACIÓN APROBADOS**

Na Xunta Directiva celebrada o día 18 de maio de 2009 foron aprobados os criterios de selección do Grupo “Mariñas – Betanzos”, coas suxestións efectuadas por AGADER.

Con data 04 de xuño de 2009 foi enviada a AGADER a proposta da Xunta Directiva, para que Agader autorizase este baremo, que foi definitivamente aprobado por AGADER.

Se comentan os criterios de baremación.

## **E) LÍMITES MÁXIMOS DE AXUDA LEADER. CONCEPTOS ELEXIBLES.**

### **PROXECTOS PRODUTIVOS:**

IMPORTE MÁXIMO DE AXUDA MEDIDA 411: 250.000 EUROS

IMPORTE MÁXIMO DE AXUDA MEDIDA 413: 200.000 EUROS

(PORCENTAXE DE AXUDA MÍNIMO 25% E PORCENTAXE DE AXUDA MÁXIMO 45%)

### **PROXECTOS NON PRODUTIVOS:**

IMPORTE MÁXIMO DE AXUDA MEDIDAS 412 e 413: 250.000 EUROS

(PORCENTAXE DE AXUDA MÍNIMO 30% E PORCENTAXE DE AXUDA MÁXIMO 100%)

### **CONCEPTOS SUBVENCIONABLES:**

- Construción, adquisición e mellora de bens inmobles.
- Instalacións e compra de maquinaria e equipos, incluídos programas informáticos, ata o valor do mercado.
- Equipamento e material non funxible.
- Adquisición de terreos non edificadas.
- Custos xerais: estudos técnicos, elaboración de proxectos, dirección de obra.
- Vehículos de transporte industrial e comercial no inicio da actividade e elementos de transporte interno.

## **F) A RESERVA DE EFICACIA: IMPORTE E CRITERIOS DE REPARTO**

O Orzamento público para a aplicación do Programa de desenvolvemento rural xestionado pola Asociación “Mariñas – Betanzos” ascende a 4.088.704,14.-€.

O citado orzamento, desagregado por medidas, anualidades e fontes financiadoras constitúe o marco financeiro en relación ó que o Grupo seleccionará proxectos para o cumprimento dos obxectivos do Programa.

Segundo as bases da convocatoria LEADER, no ano 2010, se procederá á repartición da Reserva de Eficacia. Para elo tomaranse en consideración as puntuacións empregadas na asignación inicial de selección dos programas, pero corrixíndoas en función dos seguintes criterios:

- O volume de proxectos no GDR con Informe de Control de Elixibilidade verificado por AGADER e pendentes de financiamento (en reserva polo Grupo).
- A eficacia do labor de dinamización do territorio e difusión do programa.
- O nivel de compromiso de fondos.

- O nivel de execución de fondos.
- As incidencias de non elixibilidade
- O funcionamento das estruturas de participación do GDR.
- A posta en marcha de proxectos de cooperación.
- As incidencias na xestión do procedemento e na tramitación de expedientes.

A Asociación “Mariñas – Betanzos”, coa Reserva de Eficacia ten un orzamento de 5.187.263.-€.

### **A XUNTA DIRECTIVA, TRAS DELIBERACIÓN ACORDA:**

Que todos os proxectos presentados ao Programa LEADER, cando estean completos para enviar a Agader, se den a coñecer a esta Xunta Directiva previo envío a Agader. Se presentará un informe técnico e memoria.

Tamén acorda que se fagan reunións de Xunta Directiva todos os meses, que serán os segundos luns de cada mes.

### **2.2. APROBACIÓN DA PREVISIÓN DE GASTOS DE FUNCIONAMIENTO DA ANUALIDADE 2010.**

Coméntase cadro onde se recolle a previsión de Gastos de funcionamento da anualidade 2010 (431A).

Na anualidade 2009, imputáronse parte das nóminas do persoal ao Proxecto de Cooperación, “Rede de espacios mediambientalmente competitivos”. Esta imputación da lugar a unha economía nos gastos orzamentados dos salarios do persoal do ano 2009, que ascenden aproximadamente a 20.000.-€.

Na previsión dos salarios do persoal para a anualidade 2010, está considerada unha subida salarial do 2%. Xúntase tamén previsión de gastos para a medida 431-B

A Xunta Directiva aproba estes gastos para o ano 2010, e que sexan enviados a AGADER para a súa autorización. Tamén aproba a subida salarial do 2% para o Equipo Técnico.

### **3. ROGOS E PREGUNTAS**

Se informa ós asistentes da viaxe que tivo lugar a primeiros de novembro á provincia de Cuenca con motivo de asistir as “ II Xornadas sobre as Reservas da Biosfera”, incluídas dentro do Programa de Cooperación do ano 2009. Así mesmo se acorda poñer en marcha o proceso para preparar unha Candidatura a Reserva da Biosfera do territorio.

Se acorda enviar a todos/as membros da Xunta Directiva información sobre as Reservas da Biosfera.

Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta directiva ás 21.45 horas.

En Abegondo, a 24 de novembro de 2009

A Secretaria

Asdo.: Dna. Concepción Lema Torre

Vº e prace O Presidente

Asdo.: D. José A. Santiso Miramontes